

RE-MAR



Custodia ambiental para la reducción de residuos en el
Espacio Marino Protegido del Arco Atlántico Gallego

Este proyecto se desarrolla con la colaboración de la Fundación Biodiversidad, del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, a través del Programa Pleamar, cofinanciado por el FEMP.



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)



Este proxecto desenvólvese coa colaboración da Fundación Biodiversidade, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Programa Pleamar, cofinanciado polo FEMP



O mar non é capaz de asimilar os residuos que lle están chegando de todas as zonas poboadas do planeta, polo que a diminución do lixo mariño é un dos principais retos aos que nos enfrentamos hoxe en día.

Sábese que o 80% do lixo mariño procede de fontes terrestres, como residuos abandonados que por acción do vento e da choiva acaban no mar, depuradoras de augas residuais, augas pluviais, actividades terrestres, etc.

Os residuos no medio mariño viaxan grandes distancias pola acción das correntes oceánicas, alcanzando lugares moi afastados e de difícil acceso. Ademais, teñen a peculiaridade de que perduran moito tempo, tardando décadas e mesmo séculos en degradarse.

A presenza destes residuos, ademais do problema estético, supoñen un importante impacto negativo sobre os animais e ecosistemas mariños, sobre a economía e sobre a saúde das persoas.

Estamos ante un problema con consecuencias globais e a única solución para evitar que millóns de toneladas de residuos acaben nos océanos cada ano é impedir que cheguen a el.

QUE É O LIXO MARIÑO

Todo residuo producido, de maneira directa ou indirecta, pola actividade humana e que acaba no medio mariño.

Componse dunha gran variedade de materiais de refugallo como papel, vidro, metais, madeira, plásticos, etc.

Os plásticos son os residuos mariños máis abundantes e tamén os máis resistentes. A súa degradación produce pequenos fragmentos coñecido como microplásticos, sendo estes os residuos mariños máis difíciles de eliminar

QUE PODEMOS FACER PARA DIMINUIR O LIXO MARIÑO


O comportamento individual de cada un de nós é fundamental para prever os lixos mariños

- Reduce os residuos que xeras e prevé que vas facer con eles.
- Consume de forma responsable e non leves á praia máis do que necesitas.
- Utiliza menos produtos de plástico. É unha das principais ameazas dos océanos. Podes substituír botellas de plástico por termos e usar bolsas de tea.**
- Non deixes abandonado nada na area, áreas de descanso, nin tires residuos ao mar.
- Se practicas deportes acuáticos, como o kajak ou outras actividades non tires nada pola borda.
- Antes de marchar da praia comproba o lugar que ocupaches e asegúrate de que non deixas residuos.
- É recomendable que leves a casa os residuos que xeres na praia e os separes correctamente; así evitarás que as papeleiras da praia colápsense e se cisquen os residuos.

QUE FACER COS RESIDUOS QUE XERAMOS



Latas de conservas e de bebidas, botellas de plástico, envases baleiros de cremas solares, envases de xel hidroalcohólico, bricks, chapas das botellas de vidro, bolsas de snacks, envoltorios de lambonadas, paus de chupa chups, papel de aluminio: bótaas no contedor amarelo.



Paus de xeados, tapóns de cortiza de botellas, toallías húmidas (**LEMBRA NON AS TIRES NUNCA POLO INODORO**), máscaras, restos de comida, cueiros, cabichas (**NON AS ENTERRES NA AREA**): deposítaas no contedor negro.



Tarros e botellas de vidro: bótaos no contedor verde.



Xoguetes, roupa, chanclas, hamacas, cadeiras, paraugas de sol, etc. lévaos ao punto limpo.



Xoguetes, roupa, chanclas, hamacas, cadeiras, paraugas de sol, etc. lévaos ao punto limpo.

Utiliza bronceadores solares biodegradables que non ocasionan dano ás especies mariñas.

Non deixes os teus residuos na área, ademais de danar a estética da praia, polo vento ou a choiva acabarán no mar.